

Xosé Saramago

Xosé Saramago naceu en Azinhaga (municipio de Golegã) en Portugal no ano 1922.

Os seus pais foron José de Sousa e Maria da Piedade, unha parella labrega sen terras e con escasos recursos económicos. Este contexto socioeconómico influirá notablemente nos pensamentos do escritor, especialmente no que se refire á política, baseada nunha sentida cultura popular.

En 1925 a familia de Saramago mudouse a Lisboa, tras un breve paso por Arxentina, onde o seu pai comeza a traballar de policía. Meses despois da mudanza, falece o seu irmán Francisco, dous anos maior.

En 1934, á idade dos 12 anos, entrou nunha escola industrial. Aínda que era un bo alumno, non puido finalizar os seus estudos, xa que seus pais non podían pagarlle a escola, polo que para manter a súa familia Saramago traballou durante dos anos nunha ferraría mecánica.


Pronto cambia de traballo e comeza a traballar de administrativo na Seguridade Social.

Tras casar no ano 1944 con Ilda Reis, Saramago comeza a escribir o que acabará sendo a súa primeira novela, Terra de pecado, publicada en 1947 sen éxito. Ese mesmo ano naceu a súa primeira filla, Violante.

Ao pouco tempo Saramago escribiu a súa segunda novela, Claraboya, mais non foi publicada ata o 2012. Os seguintes vinte anos non se dedicou á literatura. «Sinxelamente, non tiña nada que dicir, e cando non se ten algo que dicir o mellor é calar».

Naqueles anos traballou nunha compañía de seguros. Simultaneamente colaborou como xornalista no Diário de Noticias, un xornal de alcance nacional, mais por razóns políticas axiña é expulsado.

Tamén colaborou como crítico literario da revista Seara Nova, e foi comentarista cultural en distintos medios. Formou parte da primeira dirección da Asociación Portuguesa de Escritores, e tamén desempeñou a subdirección do Diário de Noticias. Dende 1976 dedicouse con exclusividade ao seu traballo literario.




Sufriu censura e persecución durante os anos da ditadura de Salazar. A pesar disto, consegue traballo nunha editorial na que traballará durante doce anos.

E no seu tempo libre traduce varias obras. En 1966 publicou : Os poemas possíveis.

E no ano 1969 afíliase ao Partido Comunista Portugués, o mesmo ano que se divorcia de Ilda e abandona o seu traballo na editorial para dedicarse plenamente a vivir da escrita, ben como articulista, ben como novelista. En 1970 publica Probablemente alegría.

Entre 1972 e 1973 foi redactor do Diário de Lisboa. En 1974 sumouse á chamada Revolución dos Cravos, que levou a democracia a Portugal.



Nos seguintes anos publica numerosas obras como Manual de pintura e caligrafía, Levantado do chao, Memorial do convento, O ano da morte de Ricardo Reis, A jangada de pedra, História do cerco de Lisboa, O Evangelho segundo Jesus Cristo, Ensaio sobre a cegueira, Todos os nomes, A caverna ou O homem duplicado.

Ademais de innumerables títulos como doutor honoris causa de universidades de todo o mundo, premios literarios, nomeamentos como académico na Academia argentina de Letras ou Canaria de la Lengua por exemplo, o oito de outubro

de 1998 recibe o premio Nobel de Literatura.

Xosé Saramago faleceu aos oitenta e sete anos, o día 18 de xuño de 2010, na súa residencia da localidade de Tías (Lanzarote, Las Palmas), a causa dunha leucemia crónica. Saramago escribiu ata o final da súa vida.

As cinzas do novelista portugués foron depositadas o 18 de Xuño de 2011 ao pé dunha oliveira centenaria traído do seu lugar natal e trasplantada no Campo das Cebolas fronte á Fundación Xosé Saramago Casa dos Bicos de Lisboa, ao cumprirse o primeiro aniversario da súa morte.

Marwane Loufti 1º BACH B